



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Migracións e mercado de traballo	Código	615525016d	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Segundo	Optativa	6
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Non presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Oso Casas, Laura	Correo electrónico	laura.oso@udc.es	
Profesorado	Cobelo Parga, Laura	Correo electrónico	laura.cobelo@udc.es	
	Oso Casas, Laura		laura.oso@udc.es	
	Vázquez Chas, Loreto		loreto.vazquez@udc.es	
Web	http://www.esomi.es			
Descrición xeral	A materia Migración e Mercado de traballo aborda as principais teorías explicativas sobre a inserción laboral da poboación migrante, no marco dos diferentes sistemas migratorios, profundando no modelo do Sur de Europa e facendo especial fincapé no caso español. Analiza as traxectorias laborais e de mobilidade social dos migrantes cun enfoque de xénero e intergeneracional. Brinda as ferramentas metodolóxicas necesarias para poder analizar, desde un punto de vista cualitativo (historias de vida), as traxectorias laborais e de mobilidade social da poboación migrante.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe					
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título		
Ao finalizar a materia, o alumnado será capaz de:			AM1	BM1	CM2
- Interpretar como os mercados de traballo explican as dinámicas migratorias internacionais.			AM5	BM2	CM3
- Analizar a inserción dos migrantes no mercado de traballo e o seu impacto na desigualdade e nas traxectorias de mobilidade social.			AM10	BM3	CM5
- Familiarizarse coas principais ferramentas metodolóxicas (historia de vida) para o estudo das traxectorias laborais e de mobilidade social da poboación migrante.			AM11	BM4	CM6
			AM14	BM13	
				BM15	
				BM19	
				BM21	
				BM22	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Teorías explicativas da inserción laboral dos migrantes	A Teoría Neoclásica A Teoría da Segmentación do mercado de traballo Teoría do Exército de Reserva
2. Sistemas migratorios e mercados de traballo: o modelo do Sur de Europa	Sur de Europa: da emigración á inmigración Características do modelo migratorio do Sur de Europa Mercados de traballo e inmigración no Sur de Europa
3. Principais sectores de emprego de poboación migrante: enfoque de xénero	Aproximación teórica á inserción laboral por xénero dos migrantes Servizo doméstico e coidados Agricultura e construción Migración cualificada



4. Migración, mercado de traballo e mobilidade social	A relación entre a mobilidade espacial e social As dimensións da mobilidade social nun contexto transnacional Estratexias inter-xeracionais de mobilidade social da poboación migrante
5. Ferramentas metodolóxicas para o estudo da migración e o mercado de traballo	A historia de vida aplicada ao estudo das traxectorias laborais e da mobilidade social da poboación migrante

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A1 A5 A10 A14 B1 B2 B3 B4 B13 B15 B19 B21 B22 C2 C3	0	60	60
Proba de ensaio	A1 A10 A11 B13 B3	0	50	50
Sesión maxistral	A1 A5 A10 A11 A14 B3 B4 C5 C6	36	0	36
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A materia avaliarase a través da realización dun traballo escrito individual, no que se relacionarán os diferentes contidos da materia. As instrucións para a realización do traballo compartiranse a través da plataforma virtual, a través dunha actividade habilitada ao respecto
Proba de ensaio	Proporcionaranse unhas lecturas a través da aula virtual e levará a cabo unha proba de ensaio (daranse unhas preguntas que o alumnado ten que contestar sobre a base das lecturas recomendadas). Colgaranse as instrucións na aula virtual.
Sesión maxistral	Os distintos temas da materia serán presentados por la profesora a través de sesións en Teams.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O alumnado poderá solicitar atención personalizada (a través de Teams) para a tutorización dos traballos (previa cita por email)

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba de ensaio	A1 A10 A11 B13 B3	Proporcionaranse unhas lecturas a través da aula virtual e levará a cabo unha proba de ensaio (daranse unhas preguntas que o alumnado ten que contestar sobre a base das lecturas recomendadas). Colgaranse as instrucións na aula virtual.	30
Traballos tutelados	A1 A5 A10 A14 B1 B2 B3 B4 B13 B15 B19 B21 B22 C2 C3	A materia avaliarase a través da realización dun traballo escrito individual, no que se relacionarán os diferentes contidos da materia (teóricos e prácticos) As instrucións para a realización do traballo compartiranse a través da plataforma virtual.	70

Observacións avaliación



A avaliación non é continua. A materia avaliarase a través da realización dun traballo escrito individual, no que se relacionarán os diferentes contidos da materia. As instrucións para a realización do traballo compartiranse a través da plataforma virtual. Esta proba será o 70% da nota. O 30% restante avaliarase a través da proba de ensaio.

Na 2ª oportunidade, os criterios de avaliación e os traballos cualificables serán iguais aos propostos para a 1ª convocatoria.

Todos os aspectos relacionados

coa ?dispensa académica?, ?dedicación al estudio, ?permanencia? e ?fraude

académico? rexiranse dacordo coa normativa académica vigente

de la UDC.

Fontes de información

Bibliografía básica	Bibliografía xeral do programa. As lecturas específicas subiranse directamente á aula virtual- Toharia, Luis (comp.) (1983): El mercado de Trabajo: Teorías y aplicaciones. Lecturas seleccionadas, Madrid: Alianza Editorial, pp. 129-192.-Oso, L. y Parella, S. (2012). Inmigración, Género y Mercado de trabajo: una panorámica de la investigación sobre la inserción laboral de las mujeres en España,. Cuadernos de Relaciones Laborales, 30, 1, p.249-259- Oso, L., Kaczmarczyk, P., & Salamo?ska, J. (2022). Labour migration. Introduction to Migration Studies, 117.- Oso, L., López-Sala, A., & Comet, J. M. (2023). Sociología de las migraciones. Editorial Síntesis.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Pobreza e desigualdade: debates, medicións e identificación de grupos en risco de exclusión/615525005

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Historia e teorías dos movementos migratorios/615525013

O modelo migratorio español/615525014

Materias que continúan o temario

Observacións

Recomendacións:- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia: Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático. Realizarase a través da aula virtual, en formato dixital sen necesidade de imprimilos. De se realizar en papel: Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a impresión de borradores..- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais- Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade- Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria- Nas clases sosterase o principio de debate democrático, escoitando e respectando todas as opinións diversas ao redor dos temas tratados, tanto de parte do profesorado como do alumnado- Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías